

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Persoal

Convocatoria e Bases reguladoras para provisión, en comisión de servizos de carácter voluntario, dunha praza vacante do posto de policía local do Concello de Arteixo

ANUNCIO: CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA PROVISIÓN, EN COMISIÓN DE SERVICIOS DE CARÁCTER VOLUNTARIO, DUNHA PRAZA VACANTE DO POSTO DE POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE ARTEIXO, GRUPO C1, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVICIOS ESPECIAIS, COMETIDOS ESPECIAIS, APROBADAS POR RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 1163/2020 DE 01/06/2020

Primeira. Obxecto da convocatoria

1.1. É obxecto da presente convocatoria a provisión, en comisión de servizos de carácter voluntario, dunha praza vacante correspondente a posto Policía Local da Escala básica dos Corpos de Policía Local, Escala de Administración Especial, Subescala de servizos especiais, cometidos especiais, do Concello de Arteixo, coas seguintes características:

- Grupo de clasificación: C1.
- Nivel de complemento de destino: 18.
- Complemento específico: 9.730,56 €

1.2. O período durante o que se cubrirá o posto mediante comisión de servizos é dun ano natural dende a efectiva toma de posesión (prorrogable ate un máximo de dous) supeditado á duración inferior pola cobertura definitiva do posto polo sistema legalmente establecido de oposición libre, estando xa incluída a vacante na OEP 2019.

Segunda. Requisitos dos/as aspirantes

Para participar na presente convocatoria será necesario ter a condición de persoal funcionario de carreira, con posto de Policía Local, Escala básica, grupo C1, de calquera dos corpos de policía locais da Administración Pública, e presentación, para a toma de posesión do posto, do informe previo favorable da Administración de orixe.

Terceira. Presentación de solicitudes

3.1. As solicitudes para tomar parte na convocatoria irán dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente, no prazo de **10 días naturais** computados a partir do seguinte ao da publicación no BOP de A Coruña. A convocatoria publicarase na sede electrónica municipal e na web municipal.

3.2. Deberá presentarse xunto coa instancia de solicitude de participación, a seguinte documentación:

- **Certificado** da Administración de orixe acreditativa de que o/a aspirante é funcionario/a de carreira do corpo de policía local, con praza de policía Local, Escala básica, grupo C1 e que se atopa en servizo activo. No mesmo certificado deberá determinarse o tempo de prestación de servizos como policía local na Administración Pública e, de ser o caso, a prestación de servizos noutros postos na Administración Pública
- **Declaración xurada** de cumprir todos os requisitos para desempeño do posto de policía local (carné de conducir A2 e B en vigor, compromiso de portar armas durante o servizo e poseer capacidade funcional para desempeño do posto)
- **Curriculo** coa relación de cursos e acción formativas relacionadas co posto de traballo de policía local e impartidas por centros homologados, colexios profesionais, sindicatos, administracións públicas e centros formativos homologados ou acreditados oficialmente.

Cuarta. Selección de aspirantes

A selección realizarase a través de entrevista personal curricular a cada un/ha dos/as aspirantes presentados de acordo co criterio de maior idoneidade discrecionalmente apreciada considerando a experiencia profesional e formación acreditada en relación co posto de policía local.

Quinta. Nomeamento e toma de posesión

Realizadas as entrevistas, o Sr. Concelleiro de persoal e seguridade cidadá emitirá proposta de nomeamento a favor do/a aspirante que se considere máis idóneo para a provisión do posto. O/a seleccionado/a deberá presentar informe favorable da Administración de procedencia nun prazo máximo de 5 días hábiles dende a comunicación da súa selección. Toda vez rematado este prazo e contando o expediente con toda a documentación necesaria para a tramitación da comisión de servizos, a proposta de nomeamento elevarase á Alcaldía-Presidencia quen resolverá, a maior brevidade posible o nomeamento a través do correspondente Decreto.

No suposto de que no prazo concedido de 5 días hábiles o/a seleccionado/a non presentase informe favorable da Administración de procedencia ou non chegase a tomar posesión do posto convocado, poderá procederse de análogo modo co/a seguinte aspirante por orde de idoneidade segundo a entrevista curricular realizada.

No suposto de que ningún/ha aspirante chegase a tomar efectivamente posesión do posto, declararase vacante a presente convocatoria.

Sexta.

As presentes bases, así como cantas actos administrativos se deriven delas, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Arteixo, 3 de xuño de 2020

Carlos Calvelo Martínez - Alcalde-Presidente

2020/3313